

PROGRAMA DE GASTOS E INVESTIMENTOS

✓ PROPOSTAS BNG

ACCIÓN SOCIAL

Esforzo complementario nas políticas de benestar social, incrementando as seguintes partidas

| Partida / Descrición | Dotación | Aumento | Proposta |
|-----------------------------------|----------|---------|----------------|
| PROGRAMA AXUDA A DOMICILIO | 160.000 | 40.000 | 200.000 |
| AXUDAS SOCIAIS | 60.000 | 15.000 | 75.000 |

HUMANIZACIÓN DA CIDADE

Estudio e proxectos que permitan a recuperación para uso pola cidadanía no espazo do centro urbano e área do Casco Vello, incluíndo a proposta de remate do **Paseo Marítimo a Vilaxoán** e a posta en valor cidadán do **Esteiro do Rial**, logrando a súa inclusión nas Zonas de Protección Medioambiental da Comunidade Galega.

Actuación especial nos cascos históricos de **Carril e Vilaxoán**, coincidente co anunciado convenio de rehabilitación de edificios a concretar co IGVS; á procura de humanizar ámbolos dous espazos e para poñer en valor turístico a súa importancia cultural e patrimonial.

PEIRAO DO RAMAL

Estudio e propostas que permitan, coa necesaria colaboración e apoio económico aos proxectos por parte de outras Administracións (Xunta – Estado) coa finalidade de recuperar o seu uso para o lecer da cidadanía, así como para crear un marco local de alto valor na conquista dun turismo de calidade. Para o BNG, é necesario incluír unha obra de carácter cultural (Aquarium – Museo das Rías) que pase a ser o “símbolo emblemático” que identifique a imaxe da Vilagarcía futura.

ACTUACIÓNS TERRITORIAIS: VILAGARCÍA NORTE

- ✓ Actuación complementaria ao investimento previsto para o **peche do Pavillón de Bamio**, datándoo de vestiarios e duchas; actuando no exterior para recuperar o **Campo de Fútbol 7** ou acometer a construción dunha **Pista de Tenis**, comprometida cos veciños.
- ✓ Estudio e proxecto para da dotación dun **Paso Peonil soterrado ao Cemiterio de Carril**, que evite o paso dos veciños de Trabanca Sardiñeira, Guillán e Carril pola estrada C-550, no marco das actuación previstas (Circunvalación Vilagarcía Norte e AVE, tramo Vilagarcía a Padrón).
- ✓ Instalación de **calefacción na Casa de Cultura de Bamio**, conexión do edificio á rede de auga e de sumidoiros, renovación do mobiliario deteriorado e conexión dos equipos informáticos a internet.
- ✓ Estudio e proxecto do **Centro Social e Cultural de Trabanca Sardiñeira**, no marco da actuación comprometida pola Corporación plenaria e caso dado da cesión de terreos a medio de convenio urbanístico; con dotación complementaria de Parque Infantil, Campo de Fútbol 7 e Espacio para Festas.
- ✓ Actuación de mellora na **Área de lecer e miradoiro da Rosa**: limpeza e corte de maleza na zona, instalación de paneis informativos coa historia da zona, flora e fauna.
- ✓ Estudio e proxecto para a posta en valor, medioambiental e turístico do **Miradoiro de San Xoán, en Bamio**, a realizar en colaboración con outras administracións e cos veciños.
- ✓ Trabanca Sardiñeira: Xestión de terreos para facilitar a colocación de postes con **amplificadores de sinal de Televisión** (Retevisión). Esta problemática tamén se detecta noutras áreas do Concello (p.e., CASTROGUDIN) que precisan de idéntica actuación.
- ✓ Guillán: Estudio e proxecto para dotación dunha Área de Recreo ao espacio antes ocupado pola Escola (“Xitanos”) na estrada ao Xiabre, como parte de nova rota de sendeirismo.
- ✓ Bamio: **Asfaltado** do Camiño Real (Lomba-Campanario), da rúa Sordido-Amproa e do Campo da Festa de San Xoán, da rúa da Escola Vilar; e outros demandados pola A. VV.
- ✓ Carril: Acondicionamento do regato de Fondo de Vila (Trabanca) para evitar o asolagamento do paso baixo a vía do tren que impide acceder ao Colexio Rosalía de Castro.
- ✓ Guillán-Trabanca S: Actuación nas estradas de conexión.

ACTUACIONES TERRITORIAIS: VILAGARCÍA SUR

- ✓ Estudio e proxecto, no seu caso, para **ordenar o tráfico no cruce da Avenida Doutor Tourón coa de Matosinhos**, avaliando a opción dunha rotonda e humanización do entorno.
- ✓ Vilaxoán: Dotación de beirarrúas en **Bouza de Abaixo e rúa Vázquez Leis**; reparación do solo na **Praza do Eirado**.
- ✓ **Centro Social e Cultural de Faxilde**: compra de terreo, estudio e proxecto de obra.
- ✓ **O Rial**: Elevación dos pasos de peóns, e dotación dunha beirarrúa (inicialmente, puidera ser de madeira) para garantir a seguranza de peóns no tramo da Ronda ata a entrada a urbanización.
- ✓ Construcción do muro e asfaltado do Camiño da Mingoliña (Anexo Orzamentos 2003), conforme proxecto Enxeñeiro M.
- ✓ Piñeiriño: Actuación na rúa Camilo J Cela (prolongación), para construción das beirarrúas que levan ao IES Bouza Brey.
- ✓ Eiviño: Actuación na estrada que ven de Corón, axeitado beirarrúas e arcén; e, ademais, realización de obra complementaria no Camiño do Corredor, para garantir a correcta evacuación das augas pluviais.
- ✓ Actuación de rehabilitación na **rúa A. Saralegui (Vilaxoán)**.
- ✓ Mellora da rede de **subministro de auga potable a domicilio en Faxilde** para asegurar a súa recepción e niveis de presión; con troco de tubaxes, polo seu grao de deterioro.
- ✓ Acometida e conexión da rede de augas pluviais na Rosaleda.
- ✓ Mellora da rede de saneamento en Fontecarmoa, concretamente da que da servicio ás vivendas núm. 79-85.
- ✓ Aralde: Rede de saneamento, conforme financiación M.R.
- ✓ O Freixo: Rede de saneamento (programa M.R.) e beirarrúas.
- ✓ Fontecarmoa: Extensión da rede de sumidoiros, en proceso de ampliación, ao camiño Agrolongo (ou da Regueira).
- ✓ Sobradelo: **Actuación no camiño que vai a Combe** (Faxilde) frecuentemente anegado.
- ✓ Actuación no entorno do monumento da Ramón Patiño (Vilaxoán) para reparar o firme da estrada de beiramar; e, tamén, no espacio exterior do Pazo de Pardiñas.

ACTUACIONES TERRITORIAIS: ÁREA INTERIOR LESTE

CASTROAGUDÍN:

- ✓ **Dotación** de mobiliario do Centro Cultural, conforme co compromiso orzamentaria fixado, a petición do BNG, no Anexo aprobado en 2004.
- ✓ Obra de **restauración e mellora** do muro de contención que soporta o Camiño de Quintandona (Anexo, 2004)
- ✓ Actuación e asfaltado nos seguintes camiños: do Lago, de Areas, de Trasdaveiga, ao Campo de Fútbol, ao Tombiño, e de Traslagaes; remate dos camiños a Rosiña e a Pontella.
- ✓ Convenio de colaboración para dotar ao **campo de Fútbol** de cerramento, efectuando recheos e mellorando os vestiarios.

A FLORIDA:

Obra de adecuación da canle soterrada pola que flúen as augas pluviais, tanto do regato coma do entorno urbano, coa realización de

- ✓ Avaliación, **estudio e proxecto** que permita modificar o seu percorrido actual para que este, na súa totalidade, utilice a canalización baixo a vía pública, afastándoo do interior dos inmobles; e
- ✓ Realización de **pequena obra de mellora da entrada do canle**, colocando reixa que impida a circulación de maleza e outros obxectos que poidan obstruír a canle no seu percorrido canalizado.

CORNAZO – A LOMBA :

Av. Agustín Romero, cruce Av. Matosinhos, actuación para o **acondicionamento** do entorno "**Monumento de irmanamento coa cidade de Matosinhos**" (Anexo 2003)

RUBIÁNS:

- ✓ **Camiño a Estromil** (Rubiáns de Arriba) , actuación para o seu ensanchamento coa finalidade de atender a circulación de vehículos que van ao Hospital Comarcal, en tanto non remate a nova vía que vai ao Porto, pendente da solución para conectar este punto.
- ✓ Xestionar a realización dunha **actuación na estrada comarcal 531** á altura do Restaurante Altamira coa fin de protexer aos viandantes que atravesan dita estrada para chegar a parada do bus.
- ✓ **Camiño da Balada-Soutelo**, actuación conforme coa financiación outorgada pola Consellería de Medio Rural
- ✓ Arranxo de pluviais no lugar de **Caneciño (Rubians Arriba)**.
- ✓ **Loenzo**, actuación complementaria ás obras AVE para asegurar o remate das actuacións en curso (novos camiños e vías asfaltadas, paso soterrado e pasarela peonil).

CEA:

- ✓ Rede de **saneamento de Cea e O Lago**, conforme co compromiso de financiación da Consellería de Medio Rural.
- ✓ Actuación na **Aldea de Arriba** para asegurar o subministro de auga potable a domicilio, dada a grave carencia que representa o actual sistema do lugar.
- ✓ Colaboración activa nas actuación impulsadas pola Comunidade de Montes: Ampliación Campo da Festa; e, sobre todo, do Cemiterio.

A TORRE – TRABANCA BADIÑA:

- ✓ Estrada de **Trabanca Badiña a Castroagudín**: estudio de ensanchamento e mellora do trazado, aproveitando as obras que vai realizar a CPTOP dentro do proxecto Vilagarcía-Circunvalación Norte.
- ✓ **A Torre**, proxecto de mellora da rede de conexión cos Duráns e a rúa Marxión: Dotación de beirarrúas, remate e asfaltado dos novos viais construídos para sortear o paso sobre a vía con actuación complementaria no entorno do Edificio Invisa e na rúa Marxión.

A LAXE:

- ✓ Actuación de mellora e protección do **Cruceiro da Canteira**, ben patrimonial sometido a deterioro ambiental.
- ✓ **Parque Fluvial do Con**: revisión da instalación eléctrica para axeitala ás recomendacións medioambientais de protección das aves. Estudio e proxecto de ampliación do Parque e de posta en valor dos Muiños.
- ✓ Capela: Actuación de **rehabilitación do muro de pedra e da súa porta** de acceso principal.
- ✓ **Campo da Festa**: estudio para dotación de campo de xogos para nenos ou pequeno parque infantil de lecer.

SOLOBEIRA – O SIXTO:

- ✓ Beirarrúas, alumado e outras actuación na estrada Vilagarcía – Pontearnelas e no seu entorno, próximas ao Centro Cultural, pola conformación de núcleo que están a representar.
-

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

✓ PROPOSTAS BNG

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL:

Dotación dun investimento adicional de 3000 euros para a realización das funcións que lle son propias, dinamizando o organismo e para a realización dun **ciclo de conferencias e debates**, coa publicación posterior de conclusións, que permitan abordar a futura elaboración dun PLAN ESTRATÉXICO LOCAL (PEL) na liña de traballo que veñen seguindo diferentes cidades de Galiza; actuación, ademais, que conta normalmente coa colaboración de diferentes entidades públicas e privadas. O obxectivo final estará orientado á continuación dos traballos que permitan materializar o P.E.L.; e posteriormente unha "Axenda" de actuacións, válidas na orientación futura do proceso de desenvolvemento económico e social (Dotado con 6000 euros no Orzamento 2004).

CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER:

Emitirá **parecer** sobre as propostas de "actividades de formación da muller" (36000 euros) e, tamén, criterios a respecto das transferencias de "asesoramento á muller" (9000 euros). Informará sobre o funcionamento dos Servicios de Atención ás Mulleres.

CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL:

Emitirá **parecer** sobre as proposta dos "Programas de educación" (22000 euros) e, tamén, criterios a respecto das "(outras) transferencias" (11000 euros) ao sector.

CONSELLO LOCAL DE CONSUMO:

Emitirá **parecer** sobre as propostas de "actividade de consumo" (14000 euros)e, tamén, criterios a respecto das "transferencias" (5000 euros) ás entidades do sector.

CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Coa dotación inicialmente prevista para o Servicio Municipal, 6000 euros e compromiso de recuperar o funcionamento do Consello, rematando os traballos inacabados no anterior período de mandato, abordarase ademais a convocatoria pública de premios que motiven ao uso e valorización da lingua galega no marco do compromiso institucional da corporación. Sen limitar as iniciativas, entre outros convocarase o

- PREMIO PARA RECOÑECER O USO E PROMOCIÓN DO IDIOMA GALEGO ENTRE O COMERCIO LOCAL, (Anexo de 2004)

e mais un

- PREMIO XORNALÍSTICO PARA ARTIGOS MOTIVADORES DO USO DA LINGUA GALEGA,

tirados da experiencia moi positivas doutros concellos (Compostela, Carballo, etc.). Os obxectivos deste premio son:

- ✓ Promover a reflexión sobre a situación da lingua galega.
 - ✓ Crear espazos nos xornais para analizar a situación social da lingua galega.
 - ✓ Promover o uso do galego na prensa escrita.
-

CONSELLO DA TERCEIRA IDADE:

É imprescindible acordar a modificación do seu Regulamento, pendente de ser tratada polo pleno, para facilitar a participación dos grupos políticos da Corporación municipal, e

así contribuír ao cumprimento dos fins para o que foi constituído (Proposta BNG). Unha vez completado este proceso (incorporación dos grupos) **emitirá parecer** sobre os seguintes gastos:

| Partida / Descrición | Dotación |
|--------------------------------------|----------|
| ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE | 25.000 |
| T.I. – PLANO ACTIVIDADES RECREATIVAS | 18.030 |
| TRANSFERENCIA CTES. TERCEIRA IDADE | 6.000 |

CONSELLO LOCAL DA MOCIDADE :

Para o BNG, a creación dun marco de reflexión e unión de interese do sector da mocidade considerase ferramenta indispensable para dinamizar a participación das e dos xoves na vida asociativa e, consecuentemente, no deseño de políticas que resulten mais eficientes para a finalidade política declarada pola Corporación municipal a respecto deste sector. Asumimos, pois, o compromiso de elevar en próxima sesión da Corporación plenaria, unha proposta neste senso. De contar coa aprobación, entre as súas funcións estaría **emitir parecer** sobre os seguintes gastos:

| Partida / Descrición | Dotación |
|-------------------------|----------|
| ACTIVIDADES DA MOCIDADE | 91.000 |
| (OUTRAS) TRANSFERENCIAS | 15.000 |
| A ENTIDADES XUVENÍS | 4.000 |

COMISIÓN EDITORIAL DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN MUNICIPAIS

Crearase unha Comisión Editorial de Medios de Comunicación, de titularidade municipal, con carácter consultivo e informativo **na que estarán representados tódolos grupos políticos da Corporación municipal** coa finalidade e obxectivo de informar, asesorar e propoñer sobre os **contidos** dos diversos medios de comunicación do concello (Revista Ágora, Web corporativa, e outras futuras).